



En relación coas consultas formuladas sobre os procedementos selectivos convocados pola orde do 24 de febreiro de 2020 de acceso e ingreso a distintos corpos docentes, como consecuencia da COVID-19 e da publicación da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, infórmase o seguinte:

Primeiro. As programacións versaran sobre os currículos aprobados polas normas que se mencionan nas bases 13.4 e 14.4 da Orde do 24 de febreiro de 2020, pola que se convocan procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional e ao corpo de mestres (código de procedemento ED001A)

Segundo. Cando a convocatoria no seu articulado ou nas súas rúbricas fan referencia “a normativa vixente”, “adecuación á normativa en vigor”, “referencia á normativa actualizada”, debe terse en conta que á data prevista para a realización dos procedementos selectivos, de conformidade coa disposición final quinta da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estarán vixentes desta lei:

- a) A participación e competencias do Consello Escolar, Claustro e director ou directora.
- b) A autonomía dos centros docentes.
- c) A selección do director ou directora nos centros públicos.
- d) A admisión de alumnos.

Non estarán en vigor e, polo tanto, non se aplicarán nestes procedementos selectivos as modificacións que a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, introduce:

- a) Na avaliación e condicións de promoción das diferentes etapas educativa.
- b) Nas condicións de titulación de educación secundaria obrigatoria, ciclos formativos de grao básico e bacharelato.
- c) A titulación das ensinanzas profesionais de música e danza.



d) As condicións de acceso ás diferentes ensinanzas.

Terceiro. Tampouco será obxecto de consideración a normativa conxuntural orixinada pola epidemia do COVID-19.

Cuarto. Para posibles preguntas dos tribunais a Orde do calendario escolar a considerar será a do curso 2020-2021.

Quinto. Calquera outra normativa a considerar como, por exemplo, aulas dixitais, será a vixente no momento da realización das probas.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,

O subdirector xeral de Recursos Humanos

José Luis Canosa Baldomir

